



APDR

NOTA DE Prensa DA ASOCIACIÓN POLA
DEFENSA DA RÍA E DA PLATAFORMA
ESTATAL CONTRA A CONTAMINACIÓN
ELECTROMAGNÉTICA.



LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓN: A APDR E A PECCEM CRITICAN A “DEFENSORA DEL PUEBLO” E DAN OS SEUS PARABÉNS AOS GRUPOS DA OPOSICIÓN DO PARLAMENTO GALEGO POR APOIAR AS SÚAS ACHEGAS

Recentemente a Defensora del Pueblo [contestou negativamente](#) á petición de iniciar un recurso de inconstitucionalidade [solicitado](#) pola Asociación Pola Defensa da Ría ([APDR](#)) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética ([PECCEM](#)) e apoiada por numerosos grupos e organizacións como os que conforman a propia [Federación Ecoloxista Galega](#).

Dende a APDR e a PECCEM consideramos esta resposta como mínimo partidista e contraditoria dando vía libre a unha lei que permite estender a rede de telefonía móbil 4G antes de garantir os límites e as medidas de precaución necesarias:

- Por unha banda recoñece como “moi importante” o [Informe Bioinitiative](#) (revisión científica de máis de 3.800 estudos científicos que solicitan drásticos recortes dos límites de exposición ante as alteracións biolóxicas e os problemas de saúde asociados á contaminación electromagnética) e destaca que esta nova lei non contempla “as medidas de protección sanitaria, en especial para os colectivos máis sensíbeis” que se desprenderían da citada revisión científica.

- Por outra banda a “Defensora del Pueblo”, entre outras temas:

- Non encontra vulneración algunha do dereito da saúde nunha lei que non aplica as medidas de precaución como as xa solicitadas pola [Resolución 1815 da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa](#) (2013) na liña recomendada pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) dende 2007 e, a nivel galego, polo propio [Colexio de Biólogos de Galicia](#).
- Xustifica “que o lexislador procura atallar algunhas prácticas” para impedir o cumprimento dos límites de seguridades da normativa estatal (criticados actualmente por obsoletos e non garantidos da saúde), mutilando unha autonomía municipal e autonómica que poda ser quen de aplicar mellores medidas de protección da saúde como as recoñecidas en diferentes sentenzas do Tribunal Supremo.
- A “Defensora del Pueblo”, na súa resposta, esquece que esta lei anula a **avaliación ambiental** ligada á licenza de actividade que agora deixa de ser potestade municipal, así como tamén esquece os múltiples contactos previos á aprobación da lei das organizacións do ámbito da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (como a APDR) a tódolos niveis (municipal, autonómico, estatal, grupos parlamentarios e municipais, ...)

PARABÉNS AOS GRUPOS DA OPOSICIÓN NO PARLAMENTO GALEGO

Desde a APDR e a PECCEM transmitimos os nosos parabéns aos grupos da oposición da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia que [votaron](#) no mes de xullo [a favor das nosas achegas](#) nunha [proposición non de lei sobre a nova Lei Xeral de Telecomunicacións](#). Igualmente agradecemos a tódalas concelleiras e concelleiros a [presentación de mocións contra esta Lei](#) nas [catro provincias galegas](#).

Pontevedra, 28 de agosto de 2014

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR e a Coordinación galega da PECCEM